

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE A CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PRODUCCIÓN DA ÓPERA "UN BALLO IN MASCHERA", DE GIUSEPPE VERDI

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa **Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o **1 de xuño de 2017 ata o 10 de outubro de 2017**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o establecemento das bases que rexerán a colaboración para a realización conxunta da programación da ópera de Giuseppe Verdi, "Un ballo in maschera", ópera en tres actos con música de Giuseppe Verdi e libreto en italiano de Antonio Somma, baseada no asasinato de Gustavo III de Suecia o 16 de marzo de 1792 nun baile de máscaras como parte dunha conspiración política, e que se representará os días 1 e 3 de setembro de 2017 no Teatro Colón da Coruña, interpretada polo tenor Gregory Kunde, as sopranos Angela Meade e Marina Monzó, o barítono Juan Jesús Rodríguez e a mezzo Marianne Cornetti, coa colaboración da Orquesta Sinfónica de Galicia e o Coro Gaos, e dixirida na parte musical por Ramón Tébar e, na escénica, por Mario Pontiggia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña foi a organizadora, durante setenta e un anos, das sucesivas edicións do Festival da Ópera da Coruña, consolidado como un sólido programa especializado deste xénero artístico que o converteu no decano dos festivais de ópera en España e nun dos referentes musicais galegos por excelencia, unha actividade considerada única na nosa comunidade e unha das marcas culturais galegas máis consolidadas. E como fiel herdeiro das bases dese festival, a Asociación Amigos de la Ópera segue traballando coa intención de afianzar na nosa comunidade unha programación operística de carácter estable e do máximo nivel que traia a Galicia os títulos máis representativos deste xénero artístico.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

En 2017, como homenaxe á máis importante soprano galega da segunda metade do século XX, Ángeles Gulín, a Asociación Amigos de la Ópera programa a ópera "Un ballo in maschera", un dos títulos líricos cos que Gulín conquistou gran prestixio internacional.

A programación operística da Coruña enriquecese, pois, con con esta ambiciosa proposta que atrae non só ao público galego senón ao do resto de España e mesmo internacional.

A Agadic considera esencial a adquisición dun activo inmaterial mediante a participación como coorganizadora no desenvolvemento deste proxecto, contribuíndo a preservar e difundir a cultura galega, e en especial a ópera, a través da organización destas actividades, intentando acadar, deste xeito, unha maior eficacia na consecución dun dos obxectivos básicos do organismo de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega, enriquecendo, sen dúbida, o noso patrimonio operístico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

galicia

